

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

CURSO: 2º A/B EP

MATERIA: EF

DEPARTAMENTO:

DATA: 05- 05- 20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
<p>▪B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>▪EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</p>	<p>▪CSC ▪CAA</p>
<p>▪B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.</p>	<p>▪EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</p>	<p>▪CSC ▪CAA</p>
<p>▪B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.</p>	<p>▪EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio, con coordinación e boa orientación espacial.</p>	<p>▪CSC ▪CCEC ▪CAA</p>
<p>▪B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.</p>	<p>▪EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.</p>	<p>▪CCEC ▪CSC ▪CAA</p>
<p>▪B5.1. Coñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.</p>	<p>▪EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.</p>	<p>▪CSIEE ▪CAA</p>

<p>▪B6.1. Coñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.</p>	<p>▪EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.</p>	<p>▪CSC ▪CSIEE ▪CAA</p>

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)

- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
Cualificación final	Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia.
	Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado.</p>
Materiais e recursos	<p>Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogues educativos de elaboración propia e páxina web do centro.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
Publicidade	Publicación deste documento na páxina web do centro.